



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes veciñais de Pontevedra, dicitou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Gonzalo Constenla Bergueiro
(Delegado Provincial da Consellería do Medio Rural)

VOCALIS

Dna. M^a. Jesús Novoa Suárez
(Letrada do Gabinete Xurídico Territorial de Pontevedra)
D. Jesús de la Fuente Villar
(Xefe do Servizo de Montes e Industrias Forestais)
D. Víctor Abelleira Argibay
(Representante colexio de avogados da provincia)

VOCALIS REPRESENTANTES DA CMVMC DE GOIAN, CONCELLO DE TOMIÑO.

D. Martín González González
D. Camilo Sío Castro.

SECRETARIA

Dna. Ana Belén Fernández Dopazo.

Na cidade de Pontevedra, sendo as 16:30 horas do día 19/02/09, coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, reúnese na 2^a planta do Edificio Administrativo sito no nº 43 da rúa Fernández Ladreda o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común co obxecto de decidir sobre a clasificación de 13 parcelas, da parroquia de Goián, do concello de Tomiño.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data de entrada 05/11/07, D. Martín González González, na súa condición de presidente da CMVMC de Goián, do concello de Tomiño, e en representación da mesma, presenta solicitude de iniciación de expediente de clasificación de 13 parcelas de monte como veciñais en man común para os veciños da parroquia de Goián, acompañando informe técnico e pericial, describindo o monte, identificación, superficie, ocupacións e lindeiros.

SEGUNDO.- O Xurado Provincial de Montes en Man Común acordou, na súa sesión de 24/04/08, incoar o correspondente expediente de clasificación das 13 parcelas de monte a favor da CMVMC de Goián, do concello de Tomiño



TERCEIRO.- Á vista da documentación aportada polo solicitante e o informe do Servizo de M.I.F. as parcelas de monte obxecto do presente expediente, obedecen á seguinte descrición:

CONCELLO: TOMIÑO
PARROQUIA: GOIÁN

NOME DO MONTE: "Parcela 1"

Cabida: 4795 M/2 (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Rego

Sur: Predios de Antonina Fernández Alonso, Enrique Pereira Fernández e outro

Leste: Galiplant, S.A.T.

Oeste: Camiño

Correspóndese coa parcela 1424, do polígono 12 da zona de concentración parcelaria de Estás-Goián-Figueiró

NOME DO MONTE: "Parcela 2"

Cabida: 6750 M/2 (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Camiño e predios de Víctor M. Moure Daval

Sur: Camiño

Leste: Camiño

Oeste: Parcela 1560 do Fondo de terras

Correspóndese coa parcela 1561, do polígono 13 da zona de concentración parcelaria de Estás-Goián-Figueiró

NOME DO MONTE: "Parcela 3"

Cabida: 20340 M/2 (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Camiño e MVMC de Figueiró

Sur: Camiño

Leste: Camiño

Oeste: MVMC da propia comunidade de Goián

Correspóndese coa parcela 1565, do polígono 13 da zona de concentración parcelaria de Estás-Goián-Figueiró

NOME DO MONTE: "Parcela 4"

Cabida: 5420 M/2 (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Rego e predios de Esperanza Martínez Alvarez

Sur: Camiño

Leste: Camiño e predios de Aquilino Martínez Pereira e outros, José M^a González Pereira e Fondo de Terras

Oeste: rego



60

Correspóndese coa parcela 1667, do polígono 14 da zona de concentración parcelaria de Estás-Goián-Figueiró

NOME DO MONTE: "Parcela 5"

Cabida: 3890 M/2 (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Camiño

Sur: Predios de M^a Adalid Martínez Fernández e Laurindo Domínguez Alvarez

Leste: Camiño

Oeste: Predios de Gregoria Pereira Martínez

Correspóndese coa parcela 1635, do polígono 14 da zona de concentración parcelaria de Estás-Goián-Figueiró

NOME DO MONTE: "Parcela 6"

Cabida: 5230 M/2 (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Rego e predios de Angelita Martínez Fernández

Sur: Rego e camiño

Leste: Rego e predios de Angel Martínez Pereira

Oeste: Predios de Angelita Martínez Fernández, Laura Alvarez Estévez e Fondo de Terras

Correspóndese coa parcela 1826, do polígono 15 da zona de concentración parcelaria de Estás-Goián-Figueiró

NOME DO MONTE: "Parcela 7"

Cabida: 4830 M/2 (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Predios de Liberta Rodríguez Penedo

Sur: Camiño

Leste: Camiño

Oeste: Predios de Albita Domínguez Alvarez

Correspóndese coa parcela 2367, do polígono 19 da zona de concentración parcelaria de Estás-Goián-Figueiró

NOME DO MONTE: "Parcela 8"

Cabida: 870 M/2 (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Rego

Sur: Predios de Liberta Rodríguez Penedo

Leste: Camiño

Oeste: Rego

Correspóndese coa parcela 2346, do polígono 19 da zona de concentración parcelaria de Estás-Goián-Figueiró



NOME DO MONTE: "Parcela 9"

Cabida: 5150 M/2 (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Predios de Eloy Crespo Alvarez e Gregoria Pereira Martínez

Sur: Rego

Leste: Predios de Eloy Crespo Alvarez e Evasio Rocha Alvarez

Oeste: Camiño e rego

Correspóndese coa parcela 2444-1, do polígono 20 da zona de concentración parcelaria de Estás-Goián-Figueiró

NOME DO MONTE: "Parcela 10"

Cabida: 1165 M/2 (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Rego

Sur: Camiño

Leste: Predios de Evasio Rocha Alvarez

Oeste: Predios de Florentino Vaquero Pereira e outro

Correspóndese coa parcela 2444-2, do polígono 20 da zona de concentración parcelaria de Estás-Goián-Figueiró

NOME DO MONTE: "Parcela 11"

Cabida: 1720 M/2 (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Camiño

Sur: Camiño

Leste: Camiño

Oeste: Predios de Construcións Román Yarza

Correspóndese coa parcela 2533, do polígono 21 da zona de concentración parcelaria de Estás-Goián-Figueiró

NOME DO MONTE: "Parcela 12"

Cabida: 1235 M/2 (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Predios de Angel Alonso Pérez

Sur: Predios de Angeles Pereira Martínez

Leste: Predios de José M. Rocha Rodríguez

Oeste: Camiño e predios de José Amado Araujo

Correspóndese coa parcela 2650, do polígono 22 da zona de concentración parcelaria de Estás-Goián-Figueiró



NOME DO MONTE: "Parcela 13"

Cabida: 370 M/2 (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Predios de Manuel Argiz López e Angel Martínez Pereira

Sur: Predios de M^a Luz Iglesias Campo e outros

Leste: Camiño e predios de M^a Luz Iglesias Campo e outros

Oeste: Propietario descoñecido

Correspóndese coa parcela 2655, do polígono 22 da zona de concentración parcelaria de Estás-Goián-Figueiró

CUARTO.- Feitas as comunicacións do artigo 23 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e aberto período de audiencia, non se presentaron alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común

Segundo.- De conformidade có artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 240/1992 do 4 de setembro comprende entender por montes veciñais en man común "... *os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de veciños*".

Así, segundo abundosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como veciñal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais

Terceiro.- O uso en man común das 13 parcelas de monte solicitadas, tense suficientemente acreditado tanto pola documentación aportada polo solicitante como polo informe do servizo de Infraestructuras e Estructuras Agrarias no acordo da zona de concentración parcelaria de Estás-Goián-Figueiró (Tomíño) de data 28/09/07.



En consecuencia, vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación ó caso examinado, propónse polo Instrutor, e o xurado ACORDA:

CLASIFICAR como veciñal en man común as 13 parcelas de montes solicitadas, a favor da CMVMC de Goián, do concello de Tomiño, de acordo coa descrición reflectida no feito terceiro e a planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente Resolución.

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer **recurso de reposición** con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente **recurso contencioso-administrativo** perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.











Handwritten signatures and scribbles on the right side of the map.




XUNTA DE GALIZIA					CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL				
SERVIZO DE PLANIFICACIÓN DE TERRENS					PONTEVEDRA				
ESTAS-GOIAN-FIGUEIRO (TOM?)					ACORDO				
FECHA	ESCALA	FOLIO	DATA	REVISIÓN					
PONTEVEDRA	1:3000	12	AGO. 2009	LAQUER INJ.					
FINCAS DEL N°									





XUNTA DE GALIZIA		CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL	
SERVIÇO DE PLANIFICACIÓN DE TERRENS		ESTAS-GOIAN-FIGUEIRO (TOM?)	
PROVINCIA	ESCALA	FECHA	ESCALA
PONTEVEDRA	1:3000	13 AGO. 2008	LICHADES HA
OPERACIÓN		ACORDO	
FINCAS DEL N?			



[Handwritten signatures and scribbles]

[Handwritten signature]


[Handwritten signature]

[Handwritten signature]


JUNTA DE GOBIERNO LOCAL
 PROVINCIA DE PONTEVEDRA
 CONCEJALÍA DO MEDIO RURAL

MUNICIPIO DE PONTEVEDRA
 CONCEJALÍA DO MEDIO RURAL

TERREO DE RENO: ESTAS-GOIAN-FIGUERO (TOM?)				
PREMIO	MOZA	PLAZAS	DATA	RELEVANCIA
PONTEVEDRA	13000	15	AGO. 2000	LAJARES 1/3
DESCRIPCION				
ACORDO				
FINCAS DEL N.º				




Monte Vec?al



Monte Vec?al en Man Com?un Parroquia de Goian


Monte Vec?al

[Handwritten signatures and scribbles]




CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL	
ESTAS-OOIAN-FIGUEIRO (TOM?)	
PROBIA	ESCALA
PONTEVEDRA	13000
FECHA	FECHA
20	AGO. 2008
ACORDO	
FINCAS DEL N?	

Monte Vecinal en Man Común da Parroquia de Goian




Handwritten signatures and scribbles on the right side of the map.



Termino Municipal de O Rosal

XUNTA DE GALIZIA		COMISSARÍA DO MEDIO RURAL	
ESTAS GOIAN FIGUEIRO (TOM?)		ACORDO	
PROVINCIA	CONCELLO	DATA	ESCALA
PONTEVEDRA	13000	21	AGO. 2008
LUGARES Nº.		LUGARES Nº.	
FINCAS DEL Nº			



Alto

Talibor

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]



XUNTA DE GALIZIA				
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL				
ESTAS-OIAN FIGUERO (TOM?)				
PROVINCIA	MUNICIPIO	PARCELAS	DATA	REVISOR
PONTEVEDRA	13000	22	AGO. 2008	LAUREN INI.
ACORDO				
FINCAS DEL N?				